



SESION EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE 18 DE XULLO DE 2019

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Sres. Deputados:

D. Roberto Fernández Rico
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D. José Tomé Roca
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D^a. María del Pilar García Porto
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Javier Jorge Castiñeira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. José Antonio García López
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D. José Luis Raposo Magdalena
D. José María Arias Fernández
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D. Efrén Castro Caloto

Secretario:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as doce horas do día dezaioito de xullo de dous mil dezanove, reúnen-se os Sres. Deputados electos da provincia de Lugo, á marxe relacionados, para o obxecto de celebrar sesión constitutiva da Deputación, ao ser o quinto día da proclamación de Deputados que se realizou na provincia; todo elo para dar cumprimento ao preceptuado no art. 207 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, Lei 5/85 de 19 de xuño, e art. 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 26 de novembro.

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse inicio á sesión, dando lectura á lexislación que regula a celebración do acto, e intervén no seguinte sentido:

“De conformidade co disposto no artigo 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86 de 28 de novembro), e arts. 47, 48 e 49 do Regulamento Orgánico da Corporación Provincial de Lugo, a sesión constitutiva das Deputacións Provinciais celebrarase o quinto día posterior á proclamación dos Deputados electos, ás doce horas, na Sede das Corporacións.

Tamén, de conformidade co artigo 207 da Lei do Réxime Electoral Xeral (5/85, e modificacións posteriores), e o apartado 3 do artigo 57, antes citado, a sesión constitutiva será presidida pola Mesa de Idade, integrada polos Deputados de maior e menor idade, sendo Secretaria ou Secretario o que o sexa da Corporación”.

A continuación por parte da Sra. Secretaria manifestase que de acordo coas certificacións expedidas polas Xuntas Electorais de Zona as Deputadas e Deputados Provinciais electos por Partidos Xudiciais e Partidos Políticos, Asociacións e Federacións, son os seguintes:

PARTIDO XUDICIAL DE A FONSAGRADA

Partido Socialista

de Galicia-PSOE:

- Don Roberto Fernández Rico

PARTIDO XUDICIAL DE VILALBA

Partido Popular:

- Don Agustín Baamonde Díaz



**Partido Socialista
de Galicia-PSOE:**

- Don Roberto García Pernas

PARTIDO XUDICIAL DE MONFORTE DE LEMOS

**Partido Socialista
de Galicia-PSOE:**

- Don José Tomé Roca

Partido Popular:

- Dona Dolores Castro Ochoa

PARTIDO XUDICIAL DE CHANTADA

Partido Popular:

- Don Pablo Taboada Camoira

**Partido Socialista
de Galicia-PSOE:**

- Dona María del Pilar García Porto

PARTIDO XUDICIAL DE MONDOÑEDO

Partido Popular:

- Dona María Elena Candia López
- Don Javier Jorge Castiñeira
- Don José Jesús Novo Martínez

**Partido Socialista
de Galicia-PSOE:**

- Dona María Loureiro García
- Dona Mayra García Bermúdez

**Bloque Nacionalista
Galego:**

- Dona Mónica Freire Rancaño

PARTIDO XUDICIAL DE LUGO

Partido Popular:

- Don Oscar Poy Franco
- Don José Pardo Lombao
- Don Francisco Javier Balado Teijeiro
- Don José Angel Santos Sánchez
- Don José Antonio García López
- Don Jesús Manuel Núñez Díaz

**Partido Socialista
de Galicia-PSOE:**

- Don José Luis Raposo Magdalena
- Don José María Arias Fernández
- Dona Ana María González Abelleira
- Don Pablo Rivera Capón

**Bloque Nacionalista
Galego:**

- Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Don Efrén Castro Caloto



DEPUTACIÓN DE LUGO

De acordo coa documentación obrante na Secretaría desta Deputación Provincial, resulta que o Sr. Deputado de maior idade é D. Agustín Baamonde Díaz, e que a Sra. Deputada de menor idade é D^a. Mayra García Bermúdez.

Por todo elo a Sra. Secretaria prégalles ós Sres. Deputados citados que ocupen a Presidencia constituíndose como Mesa de Idade.

A continuación, e de acordo coas acreditacións presentadas na Deputación Provincial de Lugo que lles foron expedidas aos Sres. Deputados electos polas Xunta Electorais de Zona, procédese por parte da Sra. Secretaria a dar lectura aos nomes dos Sres. Deputados electos por Partidos Xudiciais e Partidos Políticos, Asociacións e Federacións, para que ocupen os seus escanos, seguindo a mesma orde que na lectura anterior, coa excepción dos Sres. Deputados que componen a Mesa de Idade que deberán permanecer na Presidencia.

Unha vez ocupados os escanos polos Sres. Deputados electos, intervén a Sra. Secretaria no seguinte sentido:

“Faise constar que se cumpriu o establecido no artigo 75.7 da Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre rexistros de intereses e incompatibilidades, por canto se cubriron as correspondentes declaracións por tódolas Deputadas e Deputados electos.

A Mesa procedeu á comprobación das credenciais presentadas, e unha vez contrastadas coas certificacións remitidas polas diferentes Xuntas Electorais de Zona da Provincia, estima toda a documentación correcta e polo tanto vaise proceder ao xuramento ou promesa dos cargos de Deputadas e Deputados Provinciais para os que foron proclamados”.

A tal efecto a Sra. Deputada electa máis xoven D^a. Mayra García Bermúdez toma xuramento ou promesa ao Sr. Deputado de maior idade D. Agustín Baamonde Díaz, baixo a seguinte fórmula: “Xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”, respostando o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, “si prometo”.

Seguidamente o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz toma xuramento ou promesa á Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, baixo a mesma fórmula utilizada anteriormente para o Sr. Presidente da Mesa de Idade, respostando a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, “ si prometo”.

A continuación a Sra. Secretaria manifesta que se vai proceder de seguido ao xuramento ou promesa de tódolos demáis Deputados e Deputadas Provinciais electos, para o cal o Presidente da Mesa dará lectura á fórmula de xuramento ou promesa, e chamarase aos Deputados e Deputadas para efectuar o xuramento ou promesa do cargo no atril colocado no centro do Salón de Plenos.

Intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade, D. Agustín Baamonde Díaz, no seguinte sentido:

“Moi bo día a todas e a todos. Antes de nada, e por obriga protocolaria, saúdos e benvinda en primeiro lugar ás señoras Deputadas e señores Deputados electos, ás autoridades que nos acompañan, e moi especialmente ó persoal desta Casa, e ás persoas que nos acompañan neste acto sinxelo pero trascendente de constitución da Corporación Provincial e elección do seu Presidente ou Presidenta.

Despois do exhaustivo protocolo que nos leu a Sra. Secretaria, imos ver se cumprimos o vello mandato de Baltasar Gracián, e facemos isto o máis fácil e breve



posible, por iso utilizamos esta fórmula única de xuramento ou promesa e chamada a cadaún das señoras e señores Deputados.

Polo tanto, como Presidente da Mesa, vou proceder a expresar esa fórmula de xuramento ou promesa.

Señoras e señores Deputados: “xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado ou Deputada Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

E a Sra. Secretaria vai chamando a cada un dos Deputados e Deputadas pola mesma orde que os citou ao principio, para efectuar o xuramento ou promesa do cargo.

Os señores Deputados e Deputadas prestan xuramento ou promesa do cargo no seguinte sentido:

D. Roberto Fernández Rico, “si prometo”.

D. Roberto García Pernas, “si prometo”.

D. José Tomé Roca, “si prometo”.

D^a. Dolores Castro Ochoa, “si xuro”.

D. Pablo Taboada Camoira, “si xuro”.

D^a. María del Pilar García Porto, “si prometo”.

D^a. M^a. Elena Candia López, “si xuro”.

D. Javier Jorge Castiñeira, “si xuro”.

D. José Jesús Novo Martínez, “si prometo”.

D^a. María Loureiro García, “si prometo”.

D^a. Mónica Freire Rancaño, “por imperativo legal, si prometo”.

D. Oscar Poy Franco, “si xuro”.

D. José Pardo Lombao, “si xuro”.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, “si xuro”.

D. José Angel Santos Sánchez, “si xuro”.

D. José Antonio García López, “si prometo”.

D. Jesús Manuel Núñez Díaz, “si prometo”.

D. José Luis Raposo Magdalena, “si prometo”.

D. José María Arias Fernández, “si prometo”.

D^a. Ana M^a. González Abelleira, “si prometo”.

D. Pablo Rivera Capón, “si prometo”.

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, “por imperativo legal, si prometo”.

D. Efrén Castro Caloto, “por imperativo legal, si prometo”.

Unha vez finalizado o acto de xuramento ou promesa por parte de todos os señores Deputados, intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade, D. Agustín Baamonde Díaz no seguinte sentido:

“De conformidade co disposto no apartado 3º do artigo 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, declaro constituída a Corporación Provincial de Lugo”.

Intervén a Sra. Secretaria Xeral para informar ás señoras e señores Deputados da recente constituída Corporación Provincial que, en cumprimento do sinalado no artigo 56 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, teñen á súa disposición nas dependencias da Intervención a Acta de Arqueo, e nas oficinas da Secretaría Xeral o Inventario de Bens e Dereitos da Excma. Deputación Provincial.

A Sra. Secretaria anuncia que seguidamente, e en aplicación do disposto no apartado 3º do artigo 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime



Xurídico das Entidades Locais antes mencionado, no artigo 49 do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo, e no artigo 14.3 do Regulamento de Honras e Distincións, vaise proceder á elección de Presidente, por votación secreta, podendo ser candidatos e candidatas a este cargo todos os señores Deputados e señoras Deputadas da recente constituída Corporación Provincial, sendo necesario, en primeira votación, a maioría absoluta; en caso de que esta non se producira procederáse a realizar unha segunda votación na que resultará elixido o candidato ou candidata que obteña a maioría simple dos votos.

Por parte da Sra. Secretaria Xeral prérgases aos Partidos Políticos representados na Corporación que designen as persoas candidatas ao cargo.

A continuación o Partido Popular manifesta que a súa candidata designada é a Deputada Provincial D^a. María Elena Candia López.

O Partido Socialista de Galicia-PSOE designa ao Sr. Deputado D. José Tomé Roca.

Por parte do Partido do Bloque Nacionalista Galego maniféstase que renuncia á designación de candidato ou candidata.

Polo tanto son candidatos a Presidente ou Presidenta da Deputada Provincial a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López polo Partido Popular, e o Sr. Deputado D. José Tomé Roca polo Partido Socialista de Galicia-PSOE.

O Sr. Presidente da Mesa, D. Agustín Bamonde Díaz manifesta o seguinte:

“En consecuencia, rogo ás súas señorías procedan a emitir o seu voto na tarxeta de que disponen, e a continuación a Sra. Secretaria irá chamando ós Deputados e Deputadas

novamente, comezando polos membros da Mesa de Idade, para que depositen o voto na furna”.

Unha vez escrito o nome na tarxeta branca, a Sra. Secretaria vai chamando aos Deputados novamente para que depositen o voto na furna, pola seguinte orde:

- Don Agustín Baamonde Díaz
- Dona Mayra García Bermúdez
- Don Roberto Fernández Rico
- Don Roberto García Pernas
- Don José Tomé Roca
- Dona Dolores Castro Ochoa
- Don Pablo Taboada Camoira
- Dona María del Pilar García Porto
- Dona María Elena Candía López
- Don Javier Jorge Castiñeira
- Don José Jesús Novo Martínez
- Dona María Loureiro García
- Dona Mónica Freire Rancaño
- Don Oscar Poy Franco
- Don José Pardo Lombao
- Don Francisco Javier Balado Teijeiro
- Don José Angel Santos Sánchez
- Don José Antonio García López
- Don Jesús Manuel Núñez Díaz
- Don José Luis Raposo Magdalena
- Don José María Arias Fernández
- Dona Ana María González Abelleira
- Don Pablo Rivera Capón



- Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Don Efrén Castro Caloto

Efectuada a votación, pola Mesa de Idade procédese ao escrutinio dos votos efectuados.

A continuación intervén o Sr. Deputado, e Presidente da Mesa, D. Agustín Baamonde Díaz, para dicir o seguinte:

“Unha vez efectuada a votación polos señores Deputados e Deputadas, e tralo correspondente escrutinio, os resultados son os seguintes: D. José Tomé Roca, trece votos; D^a. M^a. Elena Candia López, doce votos. Polo tanto D. José Tomé Roca acada a maioría absoluta e, de conformidade co apartado 2º do artigo 207 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime Electoral Xeral de 19 de xuño, proclamo Presidente da Deputación Provincial de Lugo a D. José Tomé Roca”.

A continuación o Sr. Presidente da Mesa de Idade, D. Agustín Baamonde Díaz pregúntalle ao Deputado D. José Tomé Roca se acepta o cargo de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, respostando o Sr. Tomé Roca “si acepto”.

Intervén novamente o Sr. Presidente da Mesa de Idade D. Agustín Baamonde Díaz, no seguinte sentido:

“Xa que vostede ten aceptado o cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo, deberá prestar xuramento ou promesa de dito cargo de acordo coa fórmula que paso a expresarlle:

Xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

O Sr. Presidente responde: “Si prometo”.

Seguidamente o Presidente da Mesa felicita ó Sr. Presidente da Deputación Provincial desexándolle moita sorte no desempeño do seu cargo.

A continuación o Presidente da Mesa de Idade D. Agustín Baamonde Díaz, achégalle ao Presidente electo o Libro de Ouro para a súa sinatura, e seguidamente entrégalle a insignia, a medalla, e o bastón de mando, dándolle así posesión do seu cargo e pasando a ocupar a Presidencia.

De seguido intervén a Sra. Secretaria para manifestar o seguinte:

“Seguidamente o Presidente electo imporá ás señoras e señores Deputados os distintivos propios do cargo; polo tanto vaise proceder de novo ao chamamento ás señoras e señores Deputados, pregándolles que asinen no Libro de Ouro, que está colocado no atril, e a continuación se acheguen á Presidencia para a imposición dos distintivos”.

Efectuada polo Sr. Presidente da Deputación a imposición dos distintivos do cargos aos señores e señoras Deputados, por parte de D. José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, pronúnciase o seguinte discurso:

“Membros da Mesa; Sra. Secretaria; familia; señoras e señores Deputados da Corporación Provincial; Sra. Alcaldesa de Lugo; Sr. Delegado do Goberno en Galicia; Sra. Subdelegada do Goberno en Lugo; Sr. Secretario Xeral dos Socialistas de Galicia; Sr. representante da Deputación de A Coruña; Sr. Delegado Territorial da Xunta de Galicia en



Lugo; Sra. Secretaria da Mesa do Parlamento de Galicia; Sra. Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia; Sres. ex Presidentes desta Excma. Deputación de Lugo; Deputadas; Senador; Sr. Secretario de organización dos socialistas de Galicia; Sr. Coronel da Garda Civil; Sr. Inspector da Policía Nacional; Alcaldes e Alcaldesas; compañeiros da Corporación; concelleiros e concelleiras; autoridades; persoal da Deputación; señoras e señores:

Bo día a todos e a todas e moitas grazas por acompañarnos neste acto de constitución da Deputación Provincial de Lugo que acabamos de realizar.

É para min unha honra recibir este bastón de mando que temos aquí diante, que simboliza a Presidencia desta Institución, e que quero compartir con todos vostedes e tamén con todos e con todas as lucenses.

Quero agradecer a tódolos veciños e veciñas da provincia de Lugo que, co seu voto o día 26 de maio, conformaron unha maioría de progreso que se ve reflectida na composición desta Corporación Provincial. Así que grazas ós lucenses, e grazas ós Deputados e Deputadas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que acaban de elixirme co seu voto Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Por suposto tamén quero dar as grazas ós compañeiros e compañeiras que me propuxeron, e tamén ós órganos do Partido Socialista que confiaron na miña persoa para esta tarefa.

Despois dos agradecementos obrigados e de rigor, quero dicir que hoxe abrimos unha nova etapa na vida desta Institución provincial; eu creo firmemente na política como parte esencial da democracia; a política é o instrumento para mellorar a vida das persoas, para implantar a xustiza social e tamén o benestar.

En definitiva, a política é o instrumento máis axeitado para impulsar o progreso da sociedade, e por iso creo que temos a obriga de dignificar a política, porque degradar o servizo público vai en prexuízo de toda a sociedade, e sobre todo vai en prexuízo dos máis débiles.

Eu só creo nunha forma de facer política, con honestidade, con rigor, con eficiencia, con diálogo, con transparencia, e con proximidade á cidadanía. Son valores que rexeron sempre a miña traxectoria política e que tamén aplicarei dende hoxe como Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Asumo esta nova etapa con ilusión e con optimismo, porque estou a disposición e en disposición de traballar pola provincia de Lugo co obxectivo de mellorar as condicións socioeconómicas, medioambientais e culturais de todas e de todos os lucenses, co aval da experiencia política que me da ter tido responsabilidades públicas no ámbito municipal, no ámbito do Estado, e no ámbito autonómico.

Un dos meus obxectivos como Presidente, e por suposto do goberno que conformemos o Partido Socialista e o BNG, será devolver a tranquilidade e a normalidade institucional a esta Casa, que necesariamente ten que ser noticia polas políticas que sexamos capaces de levar a cabo e non por ningunha outra cuestión que escape do interese xeral. A nosa prioridade será fortalecer o papel desta Administración como garante da cohesión social e territorial da provincia.

Contribuir á igualdade de oportunidades é imprescindible para impulsar o desenvolvemento e o progreso de Lugo, e ó mesmo tempo para combater unha das principais ameazas, senón a máis importante, que é á que nos enfrontamos na nosa provincia, a caída demográfica e o envellecemento da poboación; este é un reto que precisa de medidas inmediatas e eficaces enmarcadas nunha estratexia global, non vale unha



estratexia illada; polo tanto necesitamos unha estratexia global de país na que por suposto a Deputación quere implicarse e quere colaborar.

Para avanzar na cohesión social e tamén na igualdade de oportunidades seguiremos reforzando a asistencia e cooperación cos concellos a través do traballo en rede, co fin de proporcionarlles de maneira equitativa e axeitada ás súas necesidades e características recursos económicos, recursos técnicos, e recursos materiais cos que poidan dotar e implementar servizos e infraestruturas que melloren a calidade de vida e o benestar da veciñanza.

Neste obxectivo daremos especial protagonismo á eliminación da fenda dixital coa extensión de novas tecnoloxías; todos sabemos que a día de hoxe poucos lugares quedan illados por estrada pero moitos aínda están incomunicados dixitalmente, o que bloquea o seu dinamismo social e económico.

Lugo é a provincia máis extensa de Galicia, e tamén é a provincia máis rica na súa diversidade, dende as terras mariñanas da Costa lucense ás chairas da Terra Cha, pasando pola capital da provincia coa muralla romana, subindo ás montañas de Cervantes e O Courel convertido en xeparque, para rematar no Val de Lemos que abraza o río Miño e o Río Sil para conformar a Ribeira Sacra coa súa viticultura heroica.

En colaboración cos concellos e da man da Universidade, o Campus Terra e a UNED, promoveremos novas iniciativas e proxectos para que a inmensa riqueza dos recursos naturais e culturais cos que conta a nosa provincia como acabo de dicir, probablemente a de maior diversidade de Galicia, se converta en oportunidades económicas e de emprego que permita á nosa mocidade construír aquí o seu proxecto de vida profesional, persoal e familiar.

Sempre dende a debida lealdade institucional seremos firmes e vehementes ante o resto de Administracións, Xunta de Galicia ou Goberno do Estado, na reivindicación de tódolos compromisos pendentes coa provincia en materia de comunicacións, de servizos, ou de actividade económica, algúns deles case históricos; e na reivindicación dun trato xusto e de políticas que teñan en conta o peso específico e as potencialidades da provincia de Lugo.

Ademáis de facelo cos concellos, coa Xunta, e co Estado, creo que tamén é necesario buscar sinerxias e artellar alianzas co resto de Institucións provinciais. Afrontamos moitos retos comúns, o despoboamento, o financiamento, as carencias en novas tecnoloxías, pero estou convencido de que xuntos faremos máis forza e poderemos encontrar solucións máis eficaces.

Europa será tamén unha aliada da Deputación neste mandato, continuaremos levando a cabo os programas europeos que temos en marcha, e optaremos a captar novos recursos económicos da Unión Europea que nos axuden a aproveitar e a devolver as potencialidades da provincia.

En todo este proceso só me move e só penso no mellor para a provincia de Lugo, para os nosos 331.327 veciños e veciñas, e por suposto no mellor para Galicia, defendendo sempre o interese xeral; e por iso só me move servir á provincia de Lugo.

O goberno que eu presida vai traballar a prol de todos e de todas as lucenses, poñendo en práctica políticas progresistas que contribúan a consolidar unha maioría de progreso en Lugo e en Galicia. En resumo, a Deputación vai ser o concello dos concellos, procurando ser útiles a todas e a todos os lucenses.

Para lograr estes obxectivos será necesaria a colaboración e a complicidade de todos, grupos políticos, sindicatos, empresarios, e tamén do tecido asociativo, dende o



diálogo, dende a xenerosidade de todos e de todas, e coa inestimable axuda que supón a experiencia e a profesionalidade do corpo de empregados públicos desta Casa.

Quero que saiban que ata agora era o candidato do Partido Socialista, a partires de hoxe serei o Presidente de todas e de todos os lucenses. Espero estar á altura da confianza que os lucenses depositaron en nós, pero sobre todo espero estar á altura do que merece a provincia de Lugo.

Son unha persoa de conviccións firmes, inasequible ó desalento, e por iso non me rindo fácilmente diante das dificultades, senón todo o contrario, estímélame máis para seguir traballando e acadar os obxectivos que teño marcados en beneficio da cidadanía.

Por este motivo traballaremos a reo para que cando nos teñamos que examinar dentro de catro anos volvamos acadar o aprobado da maioría dos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

Saúde e moitas grazas”.

E non sendo outro o obxecto da sesión, dáse por terminado o acto, sendo as trece horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.